

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE
DO 12 DE DECEMBRO DE 2022**

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00055128M.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Extraordinaria-urxente de data 22 de novembro de 2022.
- Extraordinaria-urxente de data 24 de novembro de 2022.

2. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2022/00013016Y.

Licenza de obra para ampliación de cortello no Lugar de Casas de Arriba, 1.

Acórdase CONCEDER a GANADERÍA MIGUEZ, S.C. licenza de OBRAS para ampliación de explotación gandeira no LUGAR DE CASAS DE ARRIBA, 1, achegando Proxecto técnico de data visado 09.03.2022, con Orzamento de Execución Material de 195.399,27 € baixo a dirección do proxectista.

Trátase de obras para a ampliación dunha explotación de vacún de leite coa ampliación do cortello en 1.327,62 m² e altura máxima de sete metros e dous silos forraxeiros cunha superficie de 868,03 m² e altura de catro metros.

A edificación está situada en solo clasificado como rústico no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 16 de especial protección agropecuaria.

3. PLANEAMENTO. Referencia: 2022/00009598V.

Rexeitamento do recurso de reposición interposto por INVERSIONES INMOBILIARIA CANVIVES S.A.U. contra o acordo adoptado pola Xunta de Goberno o 19 de setembro de 2022, relativo á finca rexistral 44376 (rúa de República do Salvador, 12, planta 1ª).

Acórdase REXEITAR o recurso de reposición interposto por INVERSIONES INMOBILIARIA CANVIVES S.A.U. contra o acordo adoptado pola Xunta de Goberno o 19 de setembro de 2022.

4. PARQUES E XARDÍNS. Referencia: 2022/00037981Q.

Aprobación do proxecto básico e de execución modificado da obra de “Conexión á rede de saneamento e acabados interiores dos vestiarios de Lamas de Abade”.

Acórdase aprobar o proxecto básico e de execución modificado de novembro de 2022, asinado con data 05/12/2022, da obra de “Conexión á rede de saneamento e acabados interiores dos vestiarios de Lamas de Abade”, que ten as seguintes características:

Orzamento das obras: 39.950,01 € + 8.389,50 € de IVE (21%) = **48.339,51 €.**

Prazo de execución: 30 días.

Clasificación do contratista: non se esixe.

Clasificacións supletorias indistintas e non simultáneas aos efectos de acreditar a solvencia técnica e económica (grupo / subgrupo / categoría): E-1-1 ou C-4-1 ou C-6-1.

5. AREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: 2021/00033024P.

Aprobación do proxecto construtivo “Mellora e acondicionamento do local sociocultural de Enfesta” segundo as condicións das autorizacións sectoriais.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o proxecto construtivo de xuño de 2022 da obra “Mellora e acondicionamento do local sociocultural de Enfesta”, asinado dixitalmente con data 24/11/2022, e que ten as seguintes características:

Orzamento: 64.977,57 € + 13.645,29 € de IVE = **78.622,86 €**.

Prazo de execución: 3 meses.

Clasificación do contratista: non esixible.

Segundo. Comunicar este acordo á Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e para os efectos de continuar coa tramitación da solicitude presentada ao abeiro do plan POS+ 2021.

6. AREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: 2017/00002366D.

Aprobación da actualización do proxecto básico e de execución “Mellora de equipamentos deportivos e sociais na parroquia de Figueiras”.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o proxecto básico e de execución actualizado denominado “Mellora de equipamentos deportivos e sociais na parroquia de Figueiras”, de outubro de 2022, asinado dixitalmente con data 13/11/2022, e que ten as seguintes características:

Orzamento: 293.966,92 € + 61.733,05 € de IVE = **355.699,97 €**.

Prazo de execución: 4 meses.

Clasificación do contratista: non esixible.

Segundo. Comunicar este acordo á Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e para os efectos de continuar coa tramitación da solicitude presentada ao abeiro do plan POS+ 2018.

Terceiro. Comunicar este acordo á Concellaría de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local aos efectos de dispor da financiación complementaria da actuación por un importe de 172.397,66 € (IVE incluído).

7. Adxudicación da execución do proxecto "Acondicionamento da antiga N-634 no núcleo de Lavacolla (Sabugueira) / Fase I.Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal POS+ Adicional 2/2021 1ª fase Deputación Provincial da Coruña”.

Acórdase:

-Adxudicar o contrato que ten por obxecto, a Execución do proxecto "Acondicionamento da antiga N-634 no núcleo de Lavacolla (Sabugueira) / Fase I.Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal POS+Adicional 2/2021 1ª fase Deputación Provincial da Coruña”, á empresa ALCOMTE GALICIA S.L por un importe total de **257.732,50 €** (Base imponible: 213.002,07 €, IVE do 21%: 44.730,43 €), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas. Designase como responsable do contrato ao Director Facultativo da obra conforme ao establecido no artigo 62.2 da LCSP. O seguimento deste contrato corresponde ao departamento de Medio Rural.

Terceiro: Comprometer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 100 45400 6190000 2021 2 PPROV 35 7 INVESTIMENTOS DEPUTACIÓN, conforme a seguinte anualidade e importe.

Anualidade 2022: 257.732,50 €.

8. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: Validación omisión función interverntora S/2022/369.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (4) emitidas pola empresa Sistemas de Seguridade A-1, SL, en concepto de servizos de mantemento de extintores e alarmas en distintas dependencias municipais entre os meses de xullo e outubro de 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL SETECENTOS VINTE E CINCO EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (1.725,82) €, segundo relación contable de facturas S/2022/369 que se achega no expediente, e que comeza pola factura numero F/2022/5337 por importe de 1.445,51 euros, e remata pola factura número F/2022/5621 por importe de 46,17 euros, a favor da empresa SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

9. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2022/00051824J.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda pola prestación do servizo de sinalización horizontal e vertical, durante o mes de outubro de 2022, levada a cabo pola entidade ACEINSA, por importe de 36.318,44 €.

Acórdase:

Primeiro: Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente pola realización do servizo de conservación, mantemento, reposición e nova implantación da sinalización horizontal e vertical, bolardos, elementos de protección, ordenación e balizamento do tráfico do termo municipal de Santiago, correspondente ó mes de outubro de 2022.

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de trinta e seis mil, trescentos dezaoto euros, con corenta e catro céntimos (36.318,44.-), a prol da entidade ACEINSA, con imputación orzamentaria 060 13300 2270101 do orzamento.

Terceiro: Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar este prexuízo.

10. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: Aprobación inclusión da rúa Fonte dos Concheiros na zona 3 de residentes de San Pedro.

Aprobación da inclusión da rúa Fonte dos Concheiros na zona 3 de Residentes de San Pedro.

Apróbase a inclusión da rúa da Fonte dos Concheiros na zona 3 de residentes de San Pedro, con dereito a dispoñer da correspondente tarxeta, sempre que se cumpran os requisitos esixibles segundas determinacións contidas na Ordenanza do Sistema de Ordenación e Regulación do Servizo da ORA e Aparcamento de Residentes, que posibilita o estacionamento nas zonas de aparcamento reservadas a tal fin que lle corresponden a esta zona 3.

11. DEPORTES. Referencia: 2022/00053304K.

Resolución da convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do deporte federado ano 2022.

Acórdase:

1. Aprobar a resolución e contías das subvencións para o fomento do deporte federado 2022 que a continuación se relacionan, por un valor total de **299.999,76 €**, (52 entidades beneficiadas) imputándose dito gasto con cargo documento contable A 220220026038.

CLUBE SOCIEDADE DEPORTIVA VILLESTRO	15.605,76 €
CLUBE DEPORTIVO BELVIS	4.111,91 €
CLUB VICTORIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	13.412,15 €
AMIO SOCIEDADE DEPORTIVA	11.129,70 €
CLUB ATLÉTICO FÁTIMA	4.161,53 €
SOCIEDADE DEPORTIVA COMPOSTELA	15.205,61 €
CLUBE DEPORTIVO RACING DE SAN LORENZO	3.041,12 €
ESFORZO, DEPORTE, SAÚDE SANTA MARTA	857,11 €
SAN PEDRO FC	2.400,88 €

CD CONXO	12.804,72 €
ESTRELA VERMELLA	1.600,59 €
AGRUPACIÓN DEPORTIVA DE BALONCESTO FONTIÑAS	3.601,32 €
FUNDACIÓN EDUCACIÓN E DEPORTE SANTIAGO DE COMPOSTELA-FEDESA	16.585,32 €
OBRADOIRO CLUB AMIGOS DEL BALONCESTO CAB	12.772,71 €
CLUB AMIGOS BALONCESTO CONXO	1.462,45 €
CLUB ATLETISMO FONTES DO SAR	4.001,47 €
CLUB ATLETISMO MILLADOIRO-SANTIAGO	880,32 €
CLUB DE PATINAXE COMPOSTELA	3.349,36 €
CLUB PATINAXE CAMPUS STELLAE	4.298,38 €
CLUBE DEPORTIVO FONTIÑAS	4.541,67 €
ARTEAL TENIS MESA	2.847,93 €
CLUB CONXO TENIS DE MESA	760,63 €
C. TRIATLÓN SANTIAGO	6.040,46 €
CLUB TRIATLON COMPOSTELA	5.636,56 €
CLUB DE HOCKEY COMPOSTELA	8.278,25 €
CLUB DE HOCKEY RAXOI	10.921,63 €
CLUB DEP XIMNASIA RÍTMICA COMPOSTELA	8.002,95 €
CLUB XIMNASIA RÍTMICA VIRAVOLTA	5.089,87 €
CLUB DEPORTIVO DE NATACIÓN CIUDAD DE SANTIAGO	5.145,09 €
CLUB WATERPOLO SANTIAGO	8.163,01 €
CLUB BALONMÁN RIBADOSAR	2.801,03 €
CLUB VOLEIBOL SANTIAGO	3.470,08 €
CLUB COLOMBÓFILO ALAS COMPOSTELANAS	1.015,57 €
SANTIAGO RUGBY CLUB	12.177,15 €
COMPOSTELA JUDO CLUB	7.181,05 €
CLUB CICLISTA COMPOSTELANO	4.588,09 €
CLUB BTT ULTREIA	1.200,44 €
ALTO DO VENTO FÚTBOL SALA	5.160,30 €
SD A GAIOLA	2.231,54 €
AD CODIMA	772,28 €
CD BLACK RAVENS FA	3.535,70 €
CLUB LA ALGALIA	1.200,44 €
BUSHI-KAI SANTIAGO	2.443,30 €
CLUB DEPORTIVO AVALON KAI	4.035,88 €
COMPOSTELA ESGRIMA	3.669,35 €
ASOCIACIÓN DE CANS DEPORTISTAS	2.400,88 €
DIVER PATIN CLUB DEPORTIVO	15.877,86 €
NOITEBRA FÚTBOL CLUB	3.987,78 €
AD MANUEL PELETEIRO	4.801,77 €
CF VISTA ALEGRE	11.552,66 €
CLUB DEPORTIVO COMPAÑÍA DE MARÍA DE SANTIAGO	3.625,33 €

CLUB ENTRENARUNNING	5.560,82 €
299.999,76 €	

2. Desestimar 3 solicitudes, 2 delas por presentalas fora de prazo e a outra por non emendar toda a documetrnación requirida para completar a solicitude.

12. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2022/00042143S.

Aprobación inicial da subvención solicitada por persoas que conforman a C.PP. VISTA ALEGRE 96-98 correspondente á convocatoria de data 5.08.2019 en desenvolvemento do PEV 2018–21, na ARRU de Vista Alegre FASE 9.

Acórdase:

1. Non conceder a axuda pública solicitada, por desistencia de cinco dos interesados, debido a que non emendaron tal coma se lles requiriu as deficiencias detectadas nas súas solicitudes de subvención.

2. Aprobar inicialmente a subvención e dispoñer do gasto (Fase D), con cargo á aplicación orzamentaria 050 15220 7800000/2022 e ao proxecto de gasto 2019/2/VISAL/9, concedendo a subvención solicitada para a rehabilitación dos edificios en Vista Alegre 96-98, en favor de 27 beneficiarios, por un importe total de **116.384,96 euros**.

13. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00020038V.

Aprobación da liquidación definitiva do Convenio co Museo do Pobo Galego do ano 2021.

Apróbase a liquidación definitiva do orzamento correspondente ao exercicio 2021 presentada polo Museo do Pobo Galego, visto que se deu cumprimento co obxecto previsto no convenio asinado no seu día por 30.000 euros e da súa correcta xustificación, coa salvedade das precisións que o Departamento de Intervención poida facer.

14. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2022/00020907P.

Aprobar parcialmente a xustificación do convenio de colaboración asinado o 27 de Xuño de 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela (Programa Vagalume) para o ano 2022 e o recoñecemento da obriga.

Apróbase parcialmente a xustificación do convenio de colaboración asinado o 27 de Xuño de 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela (Programa Vagalume) para o ano 2022 e o recoñecemento da obriga, pola contía de VINTE OITO MIL SETECENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS DE EURO (28.772,56 €), con cargo á partida orzamentaria 050 23102 4800001 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII) ..(..)".

15. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00019300B.

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 11 de Xullo de 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Padres de Personas con Discapacidad Intelectual (ASPAS) para o ano 2022, e o recoñecemento da obriga.

Apróbase a xustificación do convenio de colaboración asinado o 11 de Xullo de 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Padres de Personas con Discapacidad Intelectual (ASPAS) para o ano 2022, pola contía de seis mil euros (6.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800007 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

16. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00018477Q.

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 11 de Xullo de 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a “Asociación de Lucha contra las enfermedades del riñón de A Coruña (ALCER)” e o recoñecemento da obriga.

Apróbase a xustificación do convenio de colaboración asinado o 11 de Xullo de 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Lucha contra las enfermedades del Riñón de A Coruña (ALCER) ano 2022, pola contía de catro mil euros (4.000,00 €) con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800006/2021 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

17. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00020562P.

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 21 de Xullo de 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Itínera de Voluntarios en Saúde Mental para o ano 2022, e o recoñecemento da obriga.

Apróbase a xustificación do convenio de colaboración asinado o 21 de Xullo de entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Itínera de Voluntarios en Saúde Mental para o ano 2022, e o recoñecemento da obriga, pola contía de cinco mil euros (5.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800002 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

18. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00019023X.

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 11 de Xullo de 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Compostelana de Esclerosis Múltiple (ACEM) para o ano 2022, e o recoñecemento da obriga.

Apróbase a xustificación do convenio de colaboración asinado o 11 de Xullo de 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Compostelana de Esclerosis Múltiple (ACEM) para o ano 2022, e o recoñecemento da obriga, pola contía de nove mil euros (9.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800004 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

19. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00018761R.

Aprobar parcialmente a xustificación do convenio de colaboración asinado o 27 de Xuño de 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela para o ano 2022, e o recoñecemento da obriga.

Apróbase parcialmente a xustificación do convenio de colaboración asinado o 27 DE XUÑO DE 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA para o ano 2022, e o recoñecemento da obriga, pola contía de CENTO DEZANOVE MIL NOVECENTOS SETENTA E OITO EUROS (119.978,00 €), sendo a subvención de CENTO VINTE MIL EUROS (120.000,00 €).con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800012 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

20. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2022/00055162Q.

Dar conta da sinatura de catro convenios para 2022.

Tómase coñecemento da sinatura dos seguintes convenios:

- PADROADO DA CASA DA TROIA: 5.000 euros
- FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO: 5.000 euros.
- FUNDACIÓN GONZALO TORRENTE BALLESTER: 10.000 euros.
- MUSEO DO POBO GALEGO: 30.000 euros.

21. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00055128M.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 2 de decembro ao 7 de decembro de 2022.

URXENCIAS

22. XESTIÓN DE PERSOAL

Validación axudas de custo.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe total de DOUS MIL CATROCENTOS SESENTA E DOUS EUROS CON NOVENTA E DOUS CÉNTIMOS (2.462,92 €).

23. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00033210X

Autorización da cancelación do aval en concepto de fianza definitiva, por importe de .275,00 euros e da devolución da fianza definitiva complementaria por importe de 150,00 euros depositados pola empresa, CLIMAWORDK SL) para responder do contrato de “Execución das obras de mellora no servizo da instalación de climatización e renovación de aire do Centro Sociocultural de Santa Marta a efectos de eficiencia enerxética e confort interior” .

Acórdase:

Autorizar a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva, constituído pola empresa, CLIMAWORDK SL por importe de 4.275,00 euros (nº operación 320220001406) (Avalista: CAIXABANK SA) para responder do contrato de “*Execución das obras de mellora no servizo da instalación de climatización e renovación de aire do Centro Sociocultural de Santa Marta a efectos de eficiencia enerxética e confort interior*” expte. 2022/12868L.

Segundo.- Autorizar a devolución da fianza definitiva complementaria depositada pola empresa, CLIMAWORDK SL con NIF. B 15 822 265, por importe de 150,00 euros (Ingreso en metálico, nº operación: 320220003442, nº de ingreso: 20220001234) para responder do contrato de “*Execución das obras de mellora no servizo da instalación de climatización e renovación de aire do Centro Sociocultural de Santa Marta a efectos de eficiencia enerxética e confort interior*” expte. 2022/12868L.

24. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00045675M

Aprobación do expediente “Contrato mixto (subministración e obras) para a creación dunha zona de xogos infantís no parque do Avío no Concello de Santiago de Compostela”, cun orzamento base de licitación de 117.817,34 €.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar o expediente de licitación do contrato mixto (subministración e obra) para a creación dunha zona de xogos infantís no parque do Avío no concello de Santiago de Compostela, e abrir o procedemento aberto de adxudicación, establecéndose un orzamento máximo de licitación **117.817,34 €** (base impositiva 97.369,70 € ; IVE do 21% de 20.447,64 €)

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente a este contrato por importe de 117.817,34 € euros que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 020 17100 6190001.

25. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00030035M

Aprobación do expediente de contratación denominado “Servizo de conservación, mantemento, reposición e nova instalación da sinalización horizontal, sinalización vertical e elementos de balizamento de tráfico nas vías públicas do termo municipal de Santiago de Compostela” cun orzamento base de licitación por importe de 1.949.153,44 €, IVE engadido.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o expediente denominado “Servizo de conservación, mantemento, reposición e nova instalación da sinalización horizontal, sinalización vertical e elementos de balizamento de tráfico nas vías públicas do termo municipal de Santiago de Compostela”, establecéndose un

orçamento base de licitación de **1.949.153,44 euros**, que se imputará á aplicación orzamentaria 060 13300 2270101, coa seguinte desagregación por anos (importe con IVE):

- 2023 (9 meses): 487.288,36 euros.
- 2024 (12 meses): 649.717,81 euros.
- 2025 (12 meses): 649.717,81 euros.
- 2026 (3 meses): 162.429,46 euros.

TOTAL (36 meses): 1.949.153,44 euros.

Este contrato tramítase como anticipado de gasto de aí que a súa execución quede sometida á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que o han de financiar ao abeiro do disposto na Disposición Adicional 3ª, apartado 2º da LCPS e no artigo 174 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo) e no artigo 79 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo I do título VI da lei 39/1988 de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de presupostos.

O gasto para prestacións de carácter plurianual queda subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento respectivo.

Segundo. Abrir o procedemento aberto de adxudicación do contrato mediante tramitación ordinaria.

26. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00043239F

Aprobación do expediente de contratación “Subministración e implantación de 20 sistemas de alimentación ininterrompida (SAIS) para protexer a electrónica departamental e equipos máis críticos da Administración Electrónica do Concello de Santiago de Compostela, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional da Unión Europea”.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar o expediente denominado *Subministración e implantación de 20 sistemas de alimentación ininterrompida (SAIS) para protexer a electrónica departamental e equipamentos máis críticos da administración electrónica do Concello de Santiago de Compostela cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional da Unión Europea*, cun orzamento base de licitación por valor de **32.004,50 €** (base impoñible de 26.450,00 € máis IVE do 21% por valor de 5.554,50 €) e abrir o procedemento aberto de adxudicación.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente a este contrato por importe de 32.004,50 € euros que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 030 92001 6260000

27. SERVIZOS SOCIAIS. REFERENCIA: 2022/00020999P

Aprobación parcial da xustificación do convenio de colaboración asinado o 13 de Xullo de 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela para o ano 2022, e o recoñecemento da obriga, pola contía de 10.999,99 €.

Apróbase parcialmente a xustificación do convenio de colaboración asinado o 13 de Xullo de 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela para o ano 2022, e o recoñecemento da obriga, pola contía de dez mil novecentos noventa e nove euros con noventa e nove céntimos de euro (10.999,99 €), sendo a subvención de once mil euros (11.000,00 €) con cargo á partida orzamentaria 050 23102 4890002 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

28. IGUALDADE-MULLER. REFERENCIA: 2022/00019745L

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 27 de Xuño de 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Universidade de Santiago de Compostela M.P para o ano 2.022 e o recoñecemento da obriga, pola contía de 9.000 €.

Apróbase a xustificación do convenio de colaboración asinado o 27 DE XUÑO DE 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE

COMPOSTELA M.P. para o ano 2022, e o recoñecemento da obriga, pola contía de NOVE MIL EUROS (9.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 050 23102 4890001 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 ((artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

29. LINGUA GALEGA. REFERENCIA: 2022/00042605V

Xustificación do convenio que rexe a subvención nominativa á Asociación Cultural Correlingua para a actividade Correlingua en Compostela 2022.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar a xustificación presentada pola Asociación Cultural Correlingua con data do 20 de setembro.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga e o pagamento da subvención por importe de 2.500 euros, con cargo á aplicación 080 33402 4890001 do orzamento municipal para o exercicio 2022 (AD 220220017371) a favor da devandita entidade.

30. COMERCIO. REFERENCIA: 2022/00036211V

Aprobación da concesión e xustificación das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería local da contorna da rúa dos Concheiros, a través dos bonos Corazón Concheiros.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar a concesión e xustificación das axudas que aparecen relacionadas na táboa que se achega como anexo a este acordo "Relación de persoas usuarias e consumos realizados", polo importe que se recolle na columna Q "Contía axuda" de dita táboa.

O importe total das axudas ascende a **74.078,15 euros**, con cargo á aplicación 010 43100 4890102.

Os fondos foron distribuídos e xustificados pola entidade colaboradora designada, e coa que se asinou o correspondente convenio, Abanca Corporación bancaria S.A. Segundo. Formalizar e aplicar a aplicación orzamentaria 010 43100 4890102 o importe de 921,85 euros, que se corresponde co crédito disposto a favor de Abanca Corporación bancaria S.A, e non xustificado.

Terceiro. Ante a existencia de ingresos que non se corresponden cunha achega municipal, e que totalizan 273,06 euros, formalizar a súa aplicación a outros ingresos.

31. COMERCIO. REFERENCIA: 2022/00043896C

Aprobación da concesión e xustificación das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo na Praza de Abastos, a través dos bonos Corazón Praza de Abastos.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar a concesión e xustificación das axudas que aparecen relacionadas na táboa que se achega como anexo a este acordo "Relación de persoas usuarias e consumos realizados", polo importe que se recolle na columna T "Contía axuda" de dita táboa.

O importe total das axudas ascende a 29.506,44 euros, con cargo á aplicación 010 43100 4890101.

Os fondos foron distribuídos e xustificados pola entidade colaboradora designada, e coa que se asinou o correspondente convenio, Abanca Corporación bancaria S.A.

Segundo. Formalizar e aplicar a aplicación orzamentaria 010 43100 4890101 o importe de 493,56 euros, que se corresponde co crédito disposto a favor de Abanca Corporación bancaria S.A, co e non xustificado.

Terceiro. Ante a existencia de ingresos que non se corresponden cunha achega municipal, e que totalizan 187,51 euros, formalizar a súa aplicación a outros ingresos.

32. CULTURA E FESTAS. REFERENCIA: 2021/00029755M

Aprobación da xustificación da subvención a festas patronais do Concello de Santiago de Compostela 2021, recoñecemento da obriga derivada das xustificacións presentadas e anulación do crédito restante.

Apróbanse as citadas xustificacións das subvención a festas patronais do Concello de Santiago de Compostela.